



A maioría dos/as enquisados/as en Galicia asegura que felicita aos seus achegados/as de igual maneira que antes da pandemia

## **Os/as galegos/as prefiren felicitar as festas por WhatsApp ou teléfono á familia e en persoa ás amizades**

- *R analizou os hábitos de consumo de telecomunicacións durante o Nadal en fogares de Galicia.*
- *O 45 % dos/as enquisados/as envía mensaxes instantáneas á familia e o 42 % opta polas chamadas telefónicas.*
- *Para felicitar as amizades, os/as galegos/as prefiren maioritariamente facelo en persoa (65 %), fronte á opción do WhatsApp, que é a menos escollida.*
- *Un 22 % admite que utiliza máis o teléfono e o WhatsApp durante estas festas.*
- *A felicitación escrita só a elixen entre un 1 % e un 5 % para familiares e coñecidos/as e a videochamada entre o 9 % e o 3 % para familia ou amizades.*
- *Ata un 3 % da mostra asegura que non felicita o Nadal*

**Luns, 20 de decembro de 2021.-** O operador galego R vén de realizar un estudo na comunidade que revela a preferencia da poboación polas felicitacións mandando un **WhatsApp** ou realizando unha **chamada telefónica** cando se trata de **familiares**. En concreto, o **45 %** dos/as enquisados/as asegura optar pola popular aplicación de mensaxería e o **42 %** polas comunicacións de voz.

No caso das felicitacións a **amigos/as e/ou coñecidos/as**, ata un **65 %** da mostra inclínase por facelo **en persoa** por riba de calquera servizo de telecomunicacións, fronte a un **32 %** que prefire a chamada telefónica para as amizades e a un **26 %** que opta tamén polo teléfono para os/as coñecidos/as non tan próximos/as.

Tanto para amizades próximas como para as que non o son tanto, só escolle o medio do WhatsApp entre un **1 %** e un **2 %**.

A felicitación escrita unicamente é unha opción para o **5 %** das persoas cando se trata de contactar cos seus familiares e inexistente no caso de dirixirse a amigos/as. Mentres, a videochamada, que alcanzou a gloria durante a pandemia en Galicia, tradúcese neste estudo na alternativa dun **9 %** da mostra á hora de felicitarse a familiares, dun **4 %** para amigos e dun **3 %** para coñecidos/as.

## **Como antes da pandemia**

A crise sanitaria supuxo, en diferentes etapas, cambios substanciais nos nosos hábitos de uso das telecomunicacións.

Mais o estudo de **R** revela certo reaxuste na comunidade, onde un **86 %** dos/as galegos/as non varía, a día de hoxe, a súa forma de felicitarse o Nadal con respecto a tempos anteriores á pandemia. Do **14 %** que si asegura modificar este hábito no período do Nadal, o **72 %** opta con máis frecuencia polas **chamadas telefónicas**, o **38,9 %** incrementou o envío de WhatsApps e o **22,2 %** a realización de videochamadas.

Ademais, na maioría dos fogares galegos, nun **58 %**, os hábitos de consumo de telecomunicacións non cambian no Nadal con respecto a outras épocas do ano fronte a **un 22 % que aumenta o seu uso das comunicacións de voz e do WhatsApp**. Un **9 %** ve máis a televisión nestas datas e un **7 %** fai máis videochamadas nas festas ca durante o resto do ano.

**comunicación R**

[prensa@mun-do-r.net](mailto:prensa@mun-do-r.net)

[R.gal](http://R.gal)